

Fran Alonso

«Alegraríame se tivésemos un best-seller,
aínda que o diga con dor» páx. 12



Fran Alonso

«Se a tecnoloxía substitúe o tacto pode resultar perigosísima»

Fran Alonso (Vigo, 1963) gusta de pensar nos seus libros coa imaxe da pasarela dun aeroporto, na posibilidade de camiñarmos por riba pero que algo recomence. As últimas pisadas están en *Ninguén* (Xerais, 2011), texto que nos deixa agardando por ver se no seguinte, ese ao que lle atribúe nesta conversa un maior nivel de pescuda formal, volta a señora Lola ao bar das *Tortillas para os obreiros*. Fala tamén do oficio de editor hoxe, dunha vontade decidida de dialogar co seu tempo, dos 90 como a década en que atopou as persoas que o acompañan na escrita. // Ana Salgado // Fotos: Tamara de la Fuente

ProTexta. Publica *Ninguén* dez anos despois de *Males de cabeza* (Xerais, 2001) e no epílogo desbota un enlace directo co que era o seu último título de narrativa para adultos. Por que?

Fran Alonso. A estrutura garda relación con *Males de cabeza* e tamén con *Cemiterio de elefantes* (Xerais, 1994), por ese camiño de exploración entre o relato e a novela. Intenta esvaer os xéneros; no próximo libro aínda o levarei a un extremo moito maior, e aí acabo con ese tipo de experimentación. *Ninguén* explora as relacións humanas de vecindade incorporando dúas metáforas, un edificio e as novas tecnoloxía, e iso emparéntao máis con *Silencio* (Nigra, 1995). En *Males de cabeza* están os problemas que o individuo sofre coas novas formas de sociedade. Pero aquí non exploro tanto a psicoloxía dos personaxes como o contorno. Iso fai que este libro parta directamente de *Silencio* e de *Balada solitaria* (Edições Eterogémeas, 2004), poemario que só se publicou en Portugal e que agora está reproducido en *Transición* (Franouren, 2011).

P. O epílogo do libro foi anotado pola crítica como innecesario. Que pensa?

F. A. Evidentemente un crítico non necesita ese epílogo, pero cando escribo quero dirixirme á xente que segue os meus libros, aos meus lectores habituais. Esas persoas existen e necesito esa comunicación directa. É unha chiscadela de complicidade con eses lectores, na que lles dou pistas ou referencias para situar o libro.

P. Que referentes pesaron para compoñer *Ninguén*. Nas críticas aparece por exemplo mención de Raymond Carver.

F. A. Estou nunha etapa en que me aprema o que necesito ler como escritor fronte ao que teño que ler, polo meu perfil profesional. Estou volvendo ás lecturas que fixen con 18 anos, Salinger, Hemingway, Faulkner, que emparentan máis coa miña primeira novela, *Trailer*, aínda que a miña escrita xa está moi lonxe daquilo, pasaron vinte anos e non en van. De sempre fun pouco mitómano. Carver está en min porque foi un autor que me condicionou, pero penso que está máis nos meus primeiros libros ca aquí. Incluso en *Males de cabeza* hai unha homenaxe a Carver, coa imaxe dun pavo real. Os meus referentes en *Ninguén* están moito máis esvaídos, mastígoos con moita forza. Cada vez o pouso do

libro ten máis impacto sobre min, cada vez me remito máis a aqueles títulos e autores que me parecen fundamentais. Cos anos vaste facendo máis selectivo, quizais a necesidade de reler teña que ver con iso, volvíñ hai pouco a Kafka e non é o mesmo lelo con 18 ca cando tes case 50.

P. Ademais dos referentes ficcionais tamén se percibe un certo peso de discursos teóricos.

F. A. “Estilo de vida” é un relato que equivale a unha tese, e no último, “Lista de correo” tamén o ensaístico ten moito peso. Aí hai unha tradición que lles debo sobre todo aos autores contemporáneos de narrativa francesa, Toussaint, Houellebecq, Claudel, Beigbeder, Despentès. Sempre me interesaron moito e a través da súa escrita percibín o peso do ensaístico. Hoxe está moito máis estendido, está cobrando forza tamén na narrativa galega. É unha das liñas de exploración que hai en *Ninguén*: onde acaba a ficción, onde empeza, como se mesturan. Precisamente fronte a Javier Cercas en *Anatomía de un instante*, libro que me gustou moito. Haberá quen diga que non é unha novela, pero ten unha estrutura novelística brutal. Penso que vai ser un referente da narrativa española polas sutís liñas para entrecruzar a realidade e facer que se converta en ficción. É algo asombroso. Internet inverte ese proceso e fai que a ficción se converta en realidade; exploro iso especialmente en “Lista de correo”.

P. E que o leva a conectalo con *Persianas, pedramol e outros nervios* (Alacrán, 1992) ou con *Silencio*?

F. A. *Persianas...* exploraba a situación de incomunicación dunha parella nun contorno urbano practicamente impermeable. *Silencio* conta a historia dun personaxe que atende máis á vida dos veciños ca á súa. *Ninguén* conecta cos dous pola metáfora dunha comunidade pechada nunha sociedade hipoteticamente aberta. As sociedades antigas, e non tanto –tamén a da miña avoa ou do meu pai– caracterizábanse por un relacionamento co contorno inmediato, a relación humana era sobre todo de veciñanza. Ten que ver coa sociedade agraria pero tamén co tipo de comunidades urbanas que había hai algúns anos. Co desenvolvemento urbano, e agora coas novas tecnoloxías, iso rompeuse, non hai un límite espacial e habitualmente as nosas relacións non se insiren

no contorno. As comunidades de veciños parécenme metafóricas no sentido de que un non sabe quen vive ao seu carón.

P. Percibe un menor nivel de asfixia na súa escrita máis recente?

F. A. Seguramente si. En *Males de cabeza* está a angustia, o medo, a depresión, a incerteza e, sobre todo, a indefensión. En *Ninguén* tratei de presentar o individuo nunha situación de normalidade condicionada polas novas tecnoloxías. Non pretendo explorar a soidade e si como o noso contorno e as novas tecnoloxías conducen ao individuo cara a unha forma de vida máis individualista. A tecnoloxía fai que sexa así e non o xulgo, simplemente o constato. Recordo estar en Cee nun bar cando poñían un capítulo de *Mareas vivas* e aquilo era un acontecemento, tiña ese aspecto de compartir colectivamente o que se estaba vendo. A pantalla do ordenador é outra cousa, aínda que haxa unha persoa do outro lado. Hai distancia, o tacto non ten ningún papel, a vista, cando se dá, está mediatizada. A máquina arrefría as relacións. Coas biblioteca vai acontecer tamén, teño aquí o meu libro electrónico, lévoo sempre comigo, non o comparto con ninguén. Non teño claro que camiñemos cara a algo malo, non pretendo ser doutrinario. Tamén vou cara a aí, non podo dicir que camiño cara a algo malo, sería unha autodestrución.

P. Hai diferenzas, na súa relación coa tecnoloxía, entre o escritor e o editor?

F. A. O meu perfil profesional obrígame a estar ao día, o cal é unha bendición. Como escritor teño o deber e a obriga de saber o que sucede. Non me gusta a literatura escapista, e con isto non quero dicir que defenda a literatura de compromiso. Hai que entender o compromiso dun xeito totalmente distinto, non podemos volver a vellas concepcións caducas. No nivel persoal emprego máis a tecnoloxía nun nivel de exploración. Xa hoxe o mundo do traballo é impensable sen a tecnoloxía, pero o futuro laboral vai pasar todo por ela. Xa non será unha cuestión da miña xeración, pero si das que veñen. Ter un perfil claro, definido, nítido na rede vai condicionar o futuro laboral das persoas. E o perfil dixital é moito máis manipulable, tanto polo individuo que o crea



como por aqueles que queren acceder a el. Isto formula un problema moral, de liberdade fronte á rede, de control da rede e dos xogos que o poder faga con ela. E iso está moi por definir.

P. Que interferencias, para ben e para mal, atopa entre os seus dous oficios principais, editor e escritor?

F. A. É indubidable que hai interferencias, aínda que sempre tratei de que houbera as mínimas posibles. Penso que hai máis cando son escritor para asumir o papel de editor cando son editor para asumir o de escritor. Cando son editor quero ser exclusivamente editor, a xente que me coñece sabe que neses casos son exclusivamente editor, pero tamén son a mesma persoa e polo tanto os dous oficios están moi ligados. Esta dualidade fai que estableza tres niveis de lectura: aqueles libros que me interesan como lector, e que me fan pasar un bo anaco pero non me interesan como escritor, porque non me ensinan. Logo como escritor os libros fundamentais, nos que aprendo, que me fan reflexionar, o que máis me gusta sen dúbida ningunha. E un terceiro nivel como editor. Pode haber libros que non coincidan con ningunha das dúas, que non me interesen como escritor e que non me resulten atractivos como lector, pero son consciente de que son libros que poden resultar atractivos para outros lectores. Ás veces resulta un papel un pouco esquizofrénico. Recoñezo que pode ser incómoda esa dualidade, pero sempre tratei de manter isto o máis profesionalizado posible. Cando estou nunha presentación de Xerais e alguén fala de min como escritor pónome moi nervioso. Sucede poucas veces pero colócame nunha situación incómoda, aínda que nunca digo nada. E como escritor sométome máis ou menos á disciplina habitual, os meus libros entrégoos ao director da editorial e non interiro para nada nas súas decisións, ao contrario, acátoas case máis ca ningún, porque penso que debe ser así.

P. Como escolle o formato, colección ou etiqueta do que escribe, tendo en conta a hibridación xenérica e tamén que mantén un certo xogo ao non contestar se algunhas das súas obras son novelas ou libros de relatos?

F. A. Si, non me gusta dicir se é unha novela ou son relatos, xogo con esa ambigüidade e que cada quen escolla. Ademais vivimos nunha sociedade complexa, cambiante, velocísima, o que máis caracteriza o presente é que cada vez sucede todo con máis rapidez. Hai moito tempo que non hai verdades absolutas e a literatura non pode seguir respondendo como se as houbera. Teño esa vocación de dirixirme sempre aos meus contemporáneos e procuro esa voz, aínda que corra o risco de resultar máis complexo. A literatura non pode quedar cunha voz que xa non é da sociedade á que se dirixe. Decía Gabriel Zaid que a literatura, os libros, son conversas, e a repercusión que teñen parte de deixalos caer na axeitada. Se lanzas un libro que non é capaz de entrar nunha conversa, non participas dese diálogo, e a miña vocación como escritor é incidir nelas. Son conversas dun tempo e polo tanto, desde o punto de vista da forma, é necesario axeitarse a el.

P. Di que non hai verdades absolutas. Polo sentido ético dalgún dos seus textos non sería, poñamos por caso, a opresión, unha verdade absoluta?

F. A. A opresión como concepto global non é unha verdade absoluta se analizas varios casos. Para Gloria Lago a opresión do galego é unha verdade absoluta. A través de verdades absolutas non podes hoxe atopar solucións, non podes achegarte máis á realidade. Creo máis en verdades parciais, en ir achegándote á verdade polo lado, que en asumir unha verdade absoluta como tal. Non é o caso de Gloria Lago, que ten unha perversidade política enorme, pero si pode ser o caso dunha persoa próxima a Galicia Bilingüe que sinta a opresión do galego como unha verdade absoluta. Síntome a anos luz desa persoa, pero pode ser

UN NÓMADE MESTIZO

FRANCISCO ALONSO VILLAVARDE, escritor, editor, vigués, 48 anos. ENDEREZO COÑECIDO: Se pregunta a Google por Fran Alonso, o primeiro que atopará é un convite para entrar no seu domicilio virtual. Se visita cabrafanada.blogspot.com pode facerse unha idea da súa vida e variada obra. STOCKS DE IMAXINACIÓN: De momento, 25 títulos acantonados en 5 grandes territorios: narrativa, poesía, xornalismo, álbums ilustrados e literatura infantil e xuvenil. CÓDIGO ABERTO: Ao coidado das palabras como envés dos sentimentos; a unha insumisa imaxinación; ás súas alegrías cantareiras; ás inquebrantables solidariedades co mellor da humanidade; á traballada e impaciente creatividade; aos teimudos e intelixentes compromisos coa verdade; a unha toma de partido na desigual loita que se libra contra a inxustiza e a desmemoria. PRODUTOS DE VALOR: Tecidos nas redes de amizades, en felices ocasións enriquece as súas obras coas fotografías de Manuel G. Vicente, coas cores tropicais de Enjamio, coas caligrafías engaiolantes do lembrado Lázaro Enríquez, coas texturas poéticas de María Lado ou cos cantares e retrousos de Xurxo Souto. E con diálogos incansables con lectores, mestres, bibliotecarios, escritores, xornalistas culturais e críticos literarios. ARTESÁN DE PALABRAS: Fran Alonso

so vive entre libros, os seus e os de moitos autores que descobre e publica, desde hai anos, en Edicións Xerais. Antes oficiou como xornalista. Sabe escribir libros e sabe editalos. OFICIO DE LECTOR: Sente unha adictiva paixón por ler e facer ler, por iso dedica horas a Espazo Lectura, unha insólita utopía ao redor do libro á que lle axudou a botar raíces no Val Miñor. INCLASIFICABLE: Non é doado catalogar a Fran. Hai no que aceptar como un escritor mestizo e aberto a toda raza da imaxinación ou como un nómade con raíces, pero sen medos, libre e sempre disposto a novos desafíos: sexa grafitar un libro, poetizar unha crónica, narrar unha poesía, teatralizar unha opinión ou rapear unha fráxil esperanza. SUBVERSIVO. Quizais para amolar certezas, Fran Alonso retruca a XI tese sobre Feuerbach que lle debemos a Marx, xa saben que filósofos e intelectuais non fixeron máis que interpretar o mundo cando do que se trata é de transformalo; no entanto, a escrita de Fran, iluminando realidades invisibles ou silenciadas do noso tempo, revoluciona a vida dos lectores, faina mellor, máis sensible e máis esperta, como condición necesaria para cambiar o mundo. As súas letras son unha das mellores despensas de esperanza para as xentes deste recanto da Humanidade chamado Galicia.

//Manuel M. Barreiro

que para ela sexa unha verdade absoluta e entón, como a vou compartir? Quizais primeiro teñamos que recuperar o sentido da palabra, o seu baleirado é o máis perverso que sucede neste tempo. E con este baleirado sucederon historicamente cousas terribles, como que Hitler accedeu ao poder.

P. Fala da desaparición das formas de sociabilidade da cultura rural. Como fuxir dunha ollada urbana e paternalista canto a isto?

F. A. Parto da premisa de que a cultura rural desapareceu, poden quedar as formas pero non

máis. A globalización, a tecnoloxía, os tempos, homologaron todo: os hábitos, as formas de vida, o ocio, os costumes, as crenzas, a ideoloxía, a forma de transmitir as cousas. Teño na escrita dous polos de acción, un que explora máis a realidade circundante, na que vivo e na que están inseridos libros como Ningún, *Males de cabeza*, *Silencio*, e outro que explora a máis afastada, na que centrei libros como *O brillo dos elefantes*, *Cartas de amor* ou *Territorio ocupado* (Xerais, 1999; 2006; 1998) que lanzan unha ollada sobre unha realidade moi distinta á nosa pero que en realidade tamén é nosa. Hoxe máis



ca nunca o mundo é tamén da nosa responsabilidade. Todo o que tiveron de forte as novas tecnoloxías para homologar o mundo e a cultura, tamén o teñen para facer que sexamos responsables do que sucede ata na aldea máis afastada, porque podemos investigar e achegarnos a realidades con moi pouco esforzo. A guerra de Irak, o conflito en Afganistán, as doutrinas que puidese lanzar no pasado Bin Laden ou a caída das torres de Nova York repercuten en medidas políticas, en dinámicas económicas e en movementos socioculturais que acaban fundíndose na nosa propia cultura, que acaban afectándonos tamén na hora en que os políticos legislan.

P. Que trazos da sociedade tradicional pensa entón que debemos defender para o presente?
F. A. Hai dúas cousas que debemos manter sempre, coñecer en cada caso o valor exacto da palabra e non desvirtualo, porque se o facemos derivamos o ser humano, a comunicación, a razón, a civilización. Debemos intentar que permaneza o valor da palabra como base para construír un mundo máis xusto e mellor, un mundo racional. E en segundo lugar non debemos perder nunca a calidez do tacto, da ollada, da proximidade. Iso non quere dicir que debamos renegar da tecnoloxía, ao contrario, eu son partidario dela e utilízoo, pero non debe ser excluínte. Cando a tecnoloxía se dá nunha relación substitutoria é perigosísima.

P. O seu poemario último, *Transición*, vén acompañado dun cd con textos recitados. A súa última achega á literatura infantil, *O meu gato é un poeta*, vai tamén acompañado de cd con música de Xurxo Souto, con quen ideou ademais unha presentación. Descrí das actuais posibilidades comunicativas da escrita poética? Precisa o recordo da oralidade para o verso?

F. A. No primeiro caso foi un produto da casualidade, fixen un traballo para un estudio de gravación e díxenlles que en lugar de cobrar me apetecía máis a posibilidade de gravar. O libro sae cun cd en que eu e mais María Lado recitamos algúns poemas. É diferente con O

meu gato é un poeta. Neste quería que houbera música e pensei que Xurxo podería facer algo moi bonito que lle dese vida ao cd, como así foi. Creo que é un libro absolutamente interdisciplinar. O planeamento visual é integramente meu, con ilustracións que empregan tipografías pictóricas ou gráficas. Era a primeira vez que abordaba un libro desde o punto de vista visual e quería ter o control sobre as ilustracións e tamén sobre a música.

P. A crítica falou de macrotexto para a súa escrita e tamén dun proxecto literario xa de vinte anos. Cales son as características máis importantes dese proxecto?

F. A. Intentar dialogar cos cidadáns que me acompañan no meu tempo, sen restricións. O que está sucedendo ao meu redor sucédeme a min e condicióname. Pode axudarme a ver o mundo con máis firmeza, e non me refiro a unha actitude moral senón á seguridade de saber por onde camiñas. A literatura ten esa capacidade de ser distinta para cada mente en cada momento. Algo moi importante tamén é a autonomía do lector, non quero ser doutrinario. O lector non é un ser estúpido ao que haxa que dicirlle as cousas con absoluta claridade. Creo que é a miña obriga como escritor respectar a súa capacidade analítica, a súa independencia de pensamento. Pretendo tamén efectivamente crear ese texto que é como a pasarela dos aeroportos, polo que vas avanzando, camiñas por enriba pero hai unha parte que volve empezar, dá voltas sobre si mesma. Supoño que chegado un momento debes esgotar as ideas ou a capacidade de dicir cousas e, así e todo, neste momento teño a sensación de ter moitas cousas por dicir, de que non ser capaz de dicilas todas. *Transición* é un libro de exploración, heterodoxo, con poemas moi autónomos –ás veces autistas, digo no prólogo–. O meu seguinte libro, que supoño que sairá contra a primavera en 2.0 [Editora], chámase *Poética*. O último poema de *Transición* –o que está antes de que empece *Balada solitaria*, que é de 2004–, é o punto onde comezo no

seguinte libro. Seguramente resultará polémico porque é un libro de descreza da poesía, no que me río de todo o mundo, incluído de min mesmo.

P. De que autoras e autores se sente próximo á hora de escribir?

F. A. Resúltame difícil porque non son nada fan nin dado a canonizar autores. Vinte anos despois sintome acompañado por unha xeración, a miña, que creo que deu froitos moi importantes na narrativa e na poesía. Pensáboo coa saída de *Ninguén* porque se fan tamén os vinte anos da publicación do primeiro libro de Xavier Queipo, e iso alégrome moito. As nosas escritas poden non coincidir pero sinto esa compañía na viaxe, e aí estarían tamén Xurxo Borrazás, Jaureguizar, Rosa Aneiros. Unha xeración que hoxe ten presenza, lectores, e que está facendo que sinta que hai xente navegando comigo. Con respecto ás lecturas tiven unha época bastante importante na miña vida na que lía moita literatura “periférica”. Lin moita literatura africana, cousas ás que tes difícil acceso, algúns autores rarísimos que non son coñecidos, e lin moita literatura xaponesa. Debe ser unha das literaturas que máis fala da súa propia sociedade e, como é paradigma das sociedades avanzadas, pode ser un espello interesante para ver onde podemos chegar ao pescudar nas entrañas do que somos. Interésanme moito autores coma os que están aquí [nas citas con que abre *Ninguén*], autoras neste caso, Banana Yoshimoto e Hiromi Kawakami; tamén Kjell Askildsen, un escritor noruegués do que lin a obra completa e que é absolutamente deslumbrante.

P. Como entende entón, nun momento en que se están facendo compilacións arredor dos 80 ou en que se trata de resituar, coa distancia, etiquetas críticas como xeración dos 90, a súa relación cos escritores do teu tempo?

F. A. Os 80 para min foron a década de espertar ao mundo. No 83 tiña 20 anos, traballaba nun pub e ás veces ao saír ía ao Kremlin, pero vivín

a movida como espectador. Os 90 son a década que me acompañou, a miña. Gústame Sinestro Total pero a miña identificación emocional é cos Diplomáticos. Nos 90 logro expresarme, poño de manifesto a miña creatividade. *Tortillas para os obreiros* (Espiral Maior, 1996) é un libro moi emblemático pero responde a un tempo vivencial. Recordo ir ao instituto Santa Irene, onde estudaba no nocturno, e ver por todas partes barricadas, o Scalétric, os grises detrás da xente. Aquilo era Beirut e esa sensación non a volví vivír en ningún outro lugar. Vigo non deixou de ser esa cidade convulsa, e *Tortillas...*, aínda que dun xeito un pouco máis harmónico, reflicte esa convulsión, o Vigo visto desde o mar que traga a personaxe, esa muller que vai a un bar facer tortillas.

P. Como relaciona logo as dúas décadas?

F. A. Recordo que nos 80 puña Pink Floyd no radiocasete e gravaba ao mesmo tempo poemas de Manuel Antonio e de Rompente. Tiña unha adoración especial polo poema ese de “María / tres sílabas nos beizos / preñadas / de vento...”. Era a actitude de alguén que está espertado ao mundo e quere atopar a sensibilidade. Os 90 foron xa para min dar con compañeiros de viaxe, algo moi importante. Cando publiquei *Persianas...*, no 92, aínda non estaba claro que houbera un grupo de xente ou novas sensibilidades, que se formase o que logo se formou.

P. Falaba sobre todo de acompañantes na narrativa. E na poesía?

F. A. Non se pode falar dunha estética dos 90 porque non a hai, vexo moitas formas de escribir. Aprendín moito dos poemarios escritos por mulleres, e é algo que debemos recoñecer, que polo menos eu debo recoñecer. Xente como Lupe Gómez ou como Chus Pato ensináronnos como abordar a escrita doutro xeito.

P. Deste ano é tamén o libro dixital *Contesta ou disparo*, que recupera parte dun labor xornalístico que xa compilara en *Un país a medio facer* (Xerais, 2008). Bota de menos o xornalismo?

F. A. Gústame ser un escritor cos oídos postos na rúa. Hoxe xa non sei, porque as cousas están realmente mal, pero o xornalismo ben entendido permíteche estar en contacto coas voces da túa sociedade. A edición pertence a un ámbito privilexiado, permíteche o diálogo cos teus iguais, o debate cultural, pero está moito máis afastada da rúa. O meu perfil profesional non está moi apegado á conflitividade social. Resúltame incomprendible que non teñamos un libro sobre o ensino. Pensemos por exemplo no fracaso escolar. Aí hai un debate fundamental hoxe, e terei que facer o esforzo de situarme aí se finalmente escribo sobre isto algún día.

P. E tamén como traballador nunha editorial, como entende a normalización nunha cultura en que ás veces parece cingirse á imitación de modelos próximos?

F. A. Esa é unha contradición permanente, aínda que xa vivimos nela máis ca agora. Por un lado sería magnífico que houbera best-sellers en galego que lesen 20 mil persoas, o tipo de libro que se vende noutras culturas. Pero queremos que haxa lectores en galego ou queremos ter unha literatura de calidade, non estigmatizada polo mercado? Por un lado quero que haxa lectores para best-sellers pero por outro reclamo a dignidade da literatura á marxe das modas que dite o mercado. E cada vez máis, e esa é unha reflexión que fago moito como editor, a edición está máis putrefacta. Mandan os grandes grupos e a edición está máis en mans de xerentes, de comerciais, ca de editores. Iso que denunciaba Schifffrin no seu libro, *A edición sen editores*. As estratexias editoriais dos últimos anos, de ocupación de metros cadrados de librarías, adiantos millonarios de dereitos, contratacións sen sentido, de pugna por novelas de moito éxito, de desviación a produtos comerciais á marxe da calidade literaria, creou un estado do que hoxe é moi difícil recuar. Iso é algo que me preocupa moito, porque penso que na edición paga a pena crear cultura. Pero o meu corazón parte en dous. Non podo dicir que non me alegrese se tivéssemos un best-seller, aínda que o diga con dor. Iso significaría que teríamos unha cultura normalizada, que en Galicia, aínda que se lería mala literatura, leríase en gale-



go. Pero que é a normalidade? Inevitablemente creo que temos que camiñar cara a unha normalidade que implique dignidade literaria, calidade e ao mesmo tempo unha cultura en que haxa lectores e unha sociedade entregada cos seus propios referentes. Iso é pedilo todo.

P. Como cre que debemos enfrontar entón hoxe a procura desa normalidade que parece seguir dominando a planificación da nosa cultura?

F. A. Hoxe vin en *La Voz* unha noticia que decía que Galicia perde 1000 habitantes por mes.

Isto é unha autodestrución, un auténtico suicidio. Un país que non medra poboacionalmente, que non defende a súa lingua, a súa cultura, vive un suicidio compartido. Os escritores, polo menos eu, temos momentos de desalento, pensamos quen está detrás dos nosos libros, a onde seríamos capaces de chegar, como serían estes 20 anos nunha cultura normalizada. Non creo que haxa solucións máxicas, sempre confíe en que chegaría un día unha xeración capaz de reverter as cousas. Non sei se o verei ou se chegará, pero é

claro que temos que mudar completamente de estratexias. Os sindicatos teñen que deixar de pensar exclusivamente que as manifestacións son a panacea do mundo porque xa non o son, a súa capacidade de incidencia é moi pequena. Hai que desenvolver a imaxinación e intentar ver cales son as vías máis efectivas para incidir nunha sociedade tan distinta, tan fragmentada como a que vivimos, porque o camiño que levamos é de esgotamento, de esmorecemento. Despois de moitos anos non chegamos a ningures e isto é terrible.

Comunidades, burbullas, sistemas

Narrativa Relatos de soidade nunha sociedade tecnolóxica

Dez relatos cruzados por dez *hoax*, aqueles embustes que invaden os nosos correos electrónicos con finalidades diversas, e un epílogo; velaí *Ninguén*, a última aposta narrativa de Fran Alonso a interrogarnos sobre os límites da ficción no tempo das novas tecnoloxías. Pero non só.

Unha personaxe, el, S. Lonely, desprázase do seu relato orixinario, "Vacacións", cara ao que lle corresponde á outra personaxe que aparece en *Ninguén*, ela, Alone, en "Esperando". As dúas, cargando co simbolismo da soidade nos alcumes que os identifican en internet, son os únicos nomes que nos revela o autor, pero nun exercicio intuitivo de coherencia semella encaixar facilmente a posibilidade de que ocupen algún lugar en cada un dos outros relatos... porque este conxunto de fragmentos de historias, de historias de comunidades, de comunidades que son burbullas dentro da bóla global, podería comprenderse como unha novela interrompida e entrecida, ao mesmo tempo, polas constantes chamadas de atención da rede, os *hoax*. Onde comeza e remata o xénero é outra das incógnitas que Fran Alonso pon sobre as liñas do seu libro. No entanto, o autor confesa no

seu epílogo que sempre lle preocuparon os seus veciños. E por aí ronda o eixo que inquieta, move e pregunta en *Ninguén*: a convivencia contemporánea, o xogo das aparencias, o cambio histórico nos estilos de vida.

Entre o absurdo e o alegórico –salvando a incursión no fantástico que toma presenza en "Home Vello e Muller Vella"– vaise describindo o mundo urbano no que teñen lugar os encontros, os desencontros e unha permanente ansiedade de que semella acompañar ao habitante de hoxe. Os veciños da grande comunidade que describe Fran Alonso padecen os rúidos dun lugar que só por unha vez se nomea Vigo, e que podería ser calquera outro núcleo de barullo, deixan o estrés e foxen ao campo para renunciar de vez a unha tranquilidade que non os deixa en paz, namoran por internet e a fraude pónselles diante dos ollos cando quen non aparece é o namorado, están sos, non saben estar sos, obsesiónanse, teñen medo. Poderíase ler que todos perden, que non curan, que o autor non intervéñ sobre eles porque só pretende describilos e así os deixa coa angustia na metade do diafragma. Agás o protagonista do último relato que, nun equilibrio cortazariano ben resolto, é quen de vingarse da súa propia teima uníndose a ela e facéndonos pechar o libro co sorriso nos labios da lectora que sabe que a roda continuará xirando, aínda que unha xa non poida mirar. Porque neste *Ninguén* bastante se trata de mirar e, xusto despois, mirar para si. Probablemente o autor tamén levou adiante este acto reflexivo cando non deixou de introducir as relacións polémicas que xeran os sistemas literarios e a situación do escritor, unha figura que é metáfora do individualismo na sociedade

urbana do sistema capitalista na medida en que encarna a soidade irremediable do seu oficio.

Os habitantes de *Ninguén* aparecen descritos tan inquietos nos seus postos, de feito sedentarios e monótonos, como incapaces de formularse abertamente: onde estamos. E entón, sen sabelo ou si, decídense a recrear a súa caverna orixinal para a protección e o acougo cando foxen da cidade, dos rúidos, da presenza do outro e conforman, ao cabo, outra comunidade ou espazo que acaba por abafalos tamén. A experiencia do espazo é inherente ao existir: vivimos en espazos, en esferas, en comunidades. No entanto, este libro cuestionando a nosa capacidade para soportar as atmosferas en que nos relacionamos. E así continuamente os relatos chamando pola teoría da burbulla, Sloterdijk. Se o filósofo alemán analizou na súa triloxía a conexión entre crises vitais e a procura dun espazo habitable, Fran Alonso descríbennos intentando aniñar, compartindo con medo un espazo-tempo en que sabemos manexarnos só parcialmente e con problemas, conformando esferas e quebrándoas, sobrevivindo, despois da catástrofe, na intemperie. As burbullas que constitúen *Ninguén* inclúennos, falan do que está a acontecer agora mesmo nos nosos interiores, nas nosas computadoras. // **Oriana Méndez**

Ninguén ·
Fran Alonso ·
Xerais, 2011 ·
200 páx · 16,15 euros ·

